

Recursos e capacidades para o desenvolvemento

5.1.- Capital humano

5.2.- Investigación e tecnoloxía





5.1.- Capital humano

■ ■ Unha primeira aproximación xeral á situación da evolución do capital humano en Galicia pode facerse a partir dos datos dos dous indicadores deste ámbito recollidos na Estratexia Europa 2020: a porcentaxe de poboación entre 30 e 34 anos que acadou un nivel de educación superior e o abandono educativo temperá. Neste senso, os datos do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte indican que no ano 2014 un 44,1% de poboación galega nesa franxa de idade ten dito nivel de estudos, situándose esta porcentaxe por riba do obxectivo do 40% para o ano 2020. No caso das mulleres, esta porcentaxe se sitúa por riba da media española, co 52,7% en Galicia fronte ao 47,8% estatal, non así para os homes, onde a porcentaxe en Galicia é do 35,6% fronte ao 36,8% de media no Estado.

Por outra banda, o abandono educativo temperá, definido como a porcentaxe da poboación cunha idade entre os 18 e os 24 anos que non finalizou a segunda etapa de educación secundaria e non segue ningún tipo de estudo, sitúase no ano 2014 no

18,5% (15,2% entre as mulleres e 21,7% nos homes). Esta porcentaxe sitúa en torno a tres puntos porcentuais por baixo da media española (21,9%) aínda que lonxe da media europea, 12%, e do obxectivo do 10% para o ano 2020.


Comparado co resto das Comunidades Autónomas, **cadro 5.1.1.**, os datos de Eurostat permiten afirmar que no período 2008-14 Galicia é a segunda Comunidade Autónoma con menor redución da taxa de abandono educativo temperá tras Asturias. Por outra banda, Galicia é a sétima Comunidade Autónoma coa porcentaxe de persoas de 30 a 34 anos con estudos de educación superior terminados máis elevada.

O orzamento consolidado inicial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para o ano 2014 redúcese un 0,9%, situándose nos 2.148,1 millóns de euros, vinte millóns menos que os referidos no orzamento inicial do exercicio 2013.

O orzamento inicial por programas (**cadro**



Abandono educativo temperá e poboación con estudos universitarios nas CC.AA. 2008-14



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Explotación de las variables educativas de la EPA*

5.1.1.

5.1.2.), mostra unha redución dos créditos en todos os programas xestionados pola Consellería, agás no 422C Ensinanzas universitarias, no 422H Outras ensinanzas, e no 432B Fomento das actividades culturais. Así mesmo, mantense inalterada a dotación do programa 531B Investigación universitaria e dótase o programa 432C Fomento do audiovisual, que no exercicio precedente carecía de crédito.

Por volume de crédito, salientan os programas de educación infantil, primaria e ESO (422A) e ensinanza secundaria e formación profesional (422M). Conxuntamente, estes dous programas absorben o 65% do total do orzamento inicial da Consellería.

O calendario inicial de implantación da LOMCE (**cadro 1.5.3.**) establece o presente curso 2014-2015 para a implantación dos cambios previstos na dita Lei no 1º, 3º e 5º de Primaria e na Formación Profesional Básica.

Neste senso, o Decreto 105/2014, de 4 setembro, establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. En termos xerais as modificacións que se implantan son as seguintes:

- A etapa de educación primaria organízase en seis cursos académicos, pero desaparece a distribución en tres ciclos.
- A área de Coñecemento do medio natural,






Orzamento consolidado da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria 2013-14: distribución dos créditos segundo programas e capítulos

	2013	2014						
	Total	Total	I	II	Capítulos IV	VI	VII	IX
					(en miles de euros)			
Total	2.168.510	2.148.099	1.251.597	211.791	557.157	37.961	87.941	1.652
151A Fomento da lingua galega	7.455	7.079	1.707	137	2.067	2.645	523	-
421A Dirección e servizos xerais de educación	24.040	23.885	22.232	1.520	-	133	-	-
422A Educación infantil, primaria e ESO	755.698	745.077	509.121	12.193	212.960	10.803	-	-
422C Ensinanzas universitarias	320.632	327.558	-	188	287.104	4.800	33.814	1.652
422D Educación especial	33.333	33.066	21.344	700	10.972	50	-	-
422E Ensinanzas artísticas	27.957	27.737	25.777	1.760	25	175	-	-
422G Ensinanzas especiais	14.084	14.024	12.927	833	174	90	-	-
422H Outras ensinanzas	330	340	-	310	-	30	-	-
422I Formación e perfeccionamento do profesorado	1.665	1.375	-	402	-	973	-	-
422M Ensinanza secundaria e Formación Profesional	669.216	658.984	603.019	37.065	13.297	5.603	-	-
423A Servizos e axudas complementarias da ensinanza	186.782	182.528	15.732	151.770	3.919	1.581	9.526	-
423B Prevención do abandono escolar	17.506	17.361	16.411	-	65	885	-	-
431A Dirección e servizos xerais de cultura	15.469	14.870	3.203	2.204	4.253	219	4.991	-
432A Bibliotecas, arquivos, museos e equipamentos culturais	14.558	13.956	7.465	1.694	994	2.989	814	-
432B Fomento das actividades culturais	15.805	16.408	2.041	989	1.783	2.628	8.967	-
432C Fomento do audiovisual	-	560	369	26	-	165	-	-
433A Protección e promoción do patrimonio histórico, art.e cult.	16.010	15.321	10.249	-	-	4.192	880	-
561B Investigación universitaria	47.970	47.970	-	-	19.544	-	28.426	-

Fonte: Consellería de Facenda, *Orzamentos*

5.1.2.

Calendario de implantación da LOMCE



Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

5.1.3.

social e cultural desaparece e, no seu lugar traballaranse as áreas de Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais.

• A nova configuración curricular establece tres bloques de disciplinas en función das competencias e grao de autonomía das administracións educativas e centros:

– Disciplinas troncais, presentes en todos os cursos:

- Ciencias da Natureza.
- Ciencias Sociais.
- Lingua Castelá e Literatura.
- Matemáticas.
- Primeira Lingua Estranxeira.

– Disciplinas específicas, presentes en todos os cursos:

- Educación Física.
- Relixión ou Valores Sociais e Cívicos.



- Educación Artística.
- Disciplinas de libre configuración autonómica:
- Lingua Galega e Literatura, en todos os cursos e con tratamento análogo a Lingua Castelá e Literatura.
- Opción de oferta propia do centro de disciplinas de libre configuración.

O Decreto 107/2014, de 4 de setembro, regula os aspectos específicos da formación profesional básica das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo de Galicia e establece vinte e un currículos de títulos profesionais básicos.

A formación profesional básica forma parte das ensinanzas de formación profesional do sistema educativo e ven a substituír progresivamente os programas de cualificación profesional inicial (PCPi).

Os ciclos de formación profesional básica incluírán os seguintes módulos profesionais:

- Módulos asociados a unidades de competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais.
- Módulos asociados a bloques comúns:
 - Módulo de Comunicación e sociedade I e Módulo de Comunicación e Sociedade II: Lingua galega e castelá, Lingua estranxeira e Ciencias sociais.
 - Módulo de Ciencias aplicadas I e Ciencias aplicadas II: Matemáticas e Ciencias.
- Módulos profesionais específicos de Formación Profesional, incluíndo a formación en centros de traballo –FCT–.

Ensinanzas non universitarias de réxime xeral

Dentro do conxunto de ensinanzas non universitarias de réxime xeral, inclúense a educación infantil, a educación primaria e secundaria obrigatoria, o bacharelato, os ci-

clos formativos ordinarios (Formación Profesional inicial), os programas de cualificación profesional inicial, a educación especial e as ensinanzas de adultos.

No curso 2014-15 existen 1.428 centros en funcionamento en Galicia (**cadro 5.1.4.**), 1.130 públicos e 298 privados. Un ano máis redúcese o número de centros en funcionamento, con catro menos con respecto ao curso anterior. No presente curso funcionan seis centros públicos menos e dous centros privados máis.

Segundo os datos proporcionados polo IGE, dos 937 centros públicos de educación infantil, educación infantil e primaria e de educación primaria e ESO que existían en Galicia no ano 2008, no ano 2014 quedan en funcionamento 825, o que supón 112 centros públicos menos (12% menos). A nivel provincial no sinalado período 2008-2014, Lugo perde o 15% dos seus centros públicos (19 menos) e a provincia de A Coruña perde 52 centros públicos (14% menos).

No que atinxe ao profesorado nos centros de réxime xeral, no curso 2014-15 hai en Galicia un total de 43.361 profesores (**cadro 5.1.5.**), cifra semellante ao curso anterior. O 70% do profesorado exerce en centros de titularidade pública.

O Consello Escolar do Estado, no informe anual sobre o estado do sistema educativo, analiza a idade media do profesorado como factor substancial para a análise das necesidades do sistema, en concreto para dispoñer dun criterio obxectivo na definición das taxas de reposición necesarias. No conxunto do territorio estatal, no curso 2012-2013 (último dispoñible), o 7,9% do profesorado que impartía ensinanzas de réxime xeral tiña menos de 30 anos, o 30,1% tiñan idades comprendidas entre 30 e 40 anos, o 29,7% entre 40 e 50 anos, e finalmente, o 32,3% do profesorado tiña máis de 50 anos.





Centros docentes en funcionamento 2013-15 ⁽¹⁾: distribución segundo as ensinanzas que imparten

	Curso 2013-14			Curso 2014-15		
	Total	Centros públicos	Centros privados	Total	Centros públicos	Centros privados
Total	1.432	1.136	296	1.428	1.130	298
Educación infantil	151	134	17	150	132	18
Educación infantil e primaria (2)	644	622	22	642	619	23
Educación primaria e ESO (3)	172	69	103	171	69	102
ESO	40	36	4	39	36	3
ESO e ensinanzas postobrigatorias	213	205	8	211	203	8
Educación primaria, ESO e ensinanzas postobrigatorias (3)	66	-	66	66	-	66
Ensinanzas postobrigatorias	107	53	54	112	55	57
Adultos (4)	3	2	1	3	2	1
Educación especial	36	15	21	34	14	20

(1) datos provisionais; soamente se inclúen os centros docentes en funcionamento que imparten ensinanzas de réxime xeral

(2) inclúense os centros que imparten soamente educación primaria

(3) inclúense os centros que, ademais das ensinanzas específicas, imparten o 2º ciclo de educación infantil

(4) inclúense os centros que imparten exclusivamente ensinanzas de adultos

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, *Datos e cifras do ensino non universitario*

5.1.4.

Profesorado nos centros de ensino non universitario 2013-15 ⁽¹⁾: distribución segundo ensino impartido e titularidade do centro

	Curso 2013-14				Curso 2014-15			
	Total	Centros Públicos	Centros Privados		Total	Centros Públicos	Centros Privados	
			Ensinanzas concertadas	Ensinanzas non concertadas			Ensinanzas concertadas	Ensinanzas non concertadas
Profesores	43.364	30.354	5.305	7.705	43.361	30.354	5.312	7.695

(1) datos provisionais

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, *Datos e cifras do ensino non universitario*

5.1.5.

Alumnado matriculado 2013-2015 ⁽¹⁾: distribución segundo ensino e titularidade do centro

	Curso 2013-14				Curso 2014-15			
	Total	Centros Públicos	Centros Privados		Total	Centros Públicos	Centros Privados	
			Ensinanzas concertadas	Ensinanzas non concertadas			Ensinanzas concertadas	Ensinanzas non concertadas
Total	386.445				389.104			
Réxime xeral	358.067	259.410	85.412	13.245	358.566	260.319	85.038	13.209
Bacharelato ordinario	30.652	25.845	-	4.807	30.463	25.690	-	4.773
Ciclos formativos ordinarios	34.322	27.656	4.225	2.441	34.958	27.988	4.344	2.626
Educación infantil	67.240	47.093	18.778	1.369	65.093	45.467	18.335	1.291
Educación primaria	133.436	93.158	37.725	2.553	134.968	94.614	37.769	2.585
ESO	87.990	61.632	24.393	1.965	88.529	62.402	24.301	1.826
Programas de cualificación profesional inicial / Programas de garantía social	4.427	4.026	291	110	4.555	4.158	289	108
Réxime de adultos	28.378				30.538			
Nivel I, Nivel II, Ed.Sec.Adultos (Nivel III)	8.031				8.144			
Oferta modular / Ciclos formativos	12.262				14.035			
Formación Profesional Dual	63				216			
Bacharelato	8.022				8.143			


(1) os datos do curso 2011-12 son provisionais; os do curso 2012-13 son estimacións

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, *Datos e cifras do ensino non universitario*

5.1.6.



Alumnado e profesorado nas ensinanzas de réxime xeral 2008-2014 (1): distribución segundo titularidade do centro



(1) os datos do curso 2011-12 son provisionais; os do curso 2012-13 son estimacións
 Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, *Datos e cifras do ensino non universitario*

5.1.7.

En Galicia o 42,6% do profesorado ten máis de 50 anos (31,5% de media no Estado), por debaixo só do Principado de Asturias (45,2%) e Canarias (44,5%).

No que atinxe ao número de alumnos, no último curso hai un total de 389.104 alumnos (358.566 no réxime xeral e 30.538 en réxime de adultos), o que supón un aumento de 2.659 alumnos, dos que 499 corresponden a alumnos do réxime de adultos e 2.160 son alumnos de ensinanzas de réxime xeral non universitarias. Neste senso salienta o aumento no número de alumnos na oferta modular/ciclos formativos, con 1.773 máis que no curso anterior, e, de xeito contrario, a redución de máis de 2.000 alumnos na educación infantil.

Atendendo á evolución ao longo dos últimos

anos, o **cadro 5.1.7.** reflicte o incremento continuado do número de alumnos matriculados nos centros públicos, en contraposición coa estabilidade no número de profesores. Dende o ano 2008 o alumnado en centros públicos medrou en máis de 15.000 persoas, mentres que o profesorado aumentou en 325 persoas.

Fronte á devandita medra no alumnado no curso 2014-15, o número de alumnos estranxeiros descende en 809 persoas (7,3%) descendendo os alumnos estranxeiros matriculados en todas as ramas do réxime xeral, aumentado en 90 os alumnos estranxeiros de réxime de adultos (**cadro 5.1.8.**).

O equipamento de novas Tecnoloxías de Información e Comunicación (TIC's) que se atopan á disposición do profesorado e do



Alumnado estranxeiro 2013-15 ⁽¹⁾: distribución segundo ensino

	Curso 2013-14	Curso 2014-15
Réxime xeral	11.015	10.206
Bacharelato ordinario	579	532
Ciclos formativos ordinarios	903	868
Educación infantil	1.078	959
Educación primaria	4.374	3.936
ESO	3.623	3.488
Programas de cualificación profesional inicial/ Programas de garantía social	458	423
Réxime adultos	1.811	1.901

(1) datos provisionais

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, *Datos e cifras do ensino non universitario*

■ 5.1.8.

alumnado é tamén un factor á hora de analizar a calidade da oferta educativa.

No curso 2012-13 (último dato dispoñible) o número medio de alumnos por ordenador destinado preferentemente a docencia con alumnos ascende en Galicia a 3,3, sendo a media española de 4 alumnos. En cambio, o número medio de profesores por ordenador destinado a tarefas propias do profesorado é de 2,6, situándose a media estatal en 2,1.

No ámbito de integración das TIC na práctica educativa é obrigado sinalar a implantación do Proxecto Abalar. A estratexia do proxecto Abalar xira arredor do concepto de centro educativo dixital. O centro educativo dixital persegue dispor de recursos humanos e pedagóxicos, así como de infraestruturas e servizos axeitados para o uso cotián da tecnoloxía por parte de todos os axentes da comunidade educativa, na actividade docente, de aprendizaxe e administrativa.

No curso 2014-15, 429 centros públicos e 102 centros privados concertados participan no proxecto Abalar, do que se beneficiaron 51.000 alumnos. No curso 2014/15, 84 centros Abalar, que imparten 5º de educación primaria, participan no proxecto de educación dixital E-DixGAL, de uso de materiais curriculares en formato dixital. Máis de 3.500 alumnos accederán a contidos educa-

tivos dixitais a través do equipamento e infraestrutura da rede Abalar.

Actualmente, a Formación Profesional (FP) comprende un conxunto de ciclos formativos de grao medio e de grao superior que teñen como finalidade preparar aos alumnos para o desempeño cualificado das diversas profesións, o acceso ao emprego e a participación activa na vida social, cultural e económica. Os ciclos de grao medio formarían parte das ensinanzas de secundaria post-obrigatoria e os ciclos de grao superior, das ensinanzas superiores.

Segundo se reflicte no **cadro 5.1.9.**, no curso 2013-14 (último dato dispoñible) Galicia ten un total de 46.647 alumnos matriculados en ensinanzas de Formación Profesional (o 6,6% do total estatal). En torno ao 50% deles están matriculados en ciclos de grao medio e a outra metade, en ciclos de grao superior. Ao longo dos últimos anos, o alumnado en FP presenta unha medra tanto nos centros públicos como privados.

Os denominados programas de cualificación profesional inicial (PCPI), que se comezaron a impartir no curso 2008-09 en substitución dos antigos Programas de Garantía Social, e que tiñan como finalidade previr o abandono escolar, son substituídos a partir do curso 2014-2015 pola Formación Profesio-




Alumnado matriculado en Formación Profesional nas CC.AA. 2013-14

	Total	Ciclos Formativos Grado Medio		Ciclos Formativos Grado Superior	
		Presencial	Distancia	Presencial	Distancia
Andalucía	118.845	62.777	418	51.123	4.527
Aragón	19.348	9.479	507	8.414	948
Asturias	16.371	6.679	1.221	7.245	1.226
Baleares	11.490	6.352	759	3.605	774
Canarias	38.131	14.664	5.106	13.099	5.262
Cantabria	11.130	4.877	893	4.407	953
Castela e León	38.930	18.374	1.726	17.128	1.702
Castela - A Mancha	32.736	15.714	1.112	13.721	2.189
Cataluña	120.584	58.165	2.771	53.113	6.535
C. Valenciana	85.630	43.042	448	39.119	3.021
Extremadura	16.768	8.099	452	6.741	1.476
Galicia	46.647	21.092	1.602	21.515	2.438
Madrid	74.413	33.389	708	38.414	1.902
Murcia	20.506	9.987	788	9.109	622
Navarra	7.883	3.667	224	3.752	240
País Vasco	34.960	13.772	274	20.290	624
Rioxa	4.997	2.519	47	2.269	162
Ceuta e Melilla	3.393	1.407	422	1.316	248
Total	702.762	334.055	19.478	314.380	34.849

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Datos y cifras del curso escolar*

5.1.9.

Alumnado matriculado en ciclos formativos ordinarios 2008-2014 ⁽¹⁾: distribución segundo titularidade do centro



(1) os datos do curso 2011-12 son provisionais; os do curso 2012-13 son estimacións

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, *Datos e cifras do ensino non universitario*

5.1.10.

nal Básica. A nova FPB forma parte da Formación Profesional do novo sistema educativo, pero inscríbese dentro da formación básica (ESO), xa que o alumnado pode comezar estes estudos con 15 anos. En Galicia implántanse un total de 20 FP Básica fronte aos 14 PCPI.

No curso 2013-14 había en Galicia un total de 4.427 alumnos matriculados en PCPI, un 5,3% do total dos matriculados a nivel estatal. Ao longo dos últimos anos, o alum-

nado nestes programas de cualificación crece de xeito considerable, pasando dos 1.910 matriculados no curso 2007-08 aos máis de 4.500 no 2014-15. Asemade, o peso relativo do alumnado nos centros públicos pasa do 81,9% ao 91,3% entre os dous anos considerados (**cadro 5.1.12.**).

Unha forma de valorar de xeito indirecto os resultados do sistema educativo é observando o nivel educativo da poboación. Tal e como se amosa na **cadro 5.1.13.**, tendo en






Alumnado matriculado en Programas de Cualificación Profesional Inicial nas CC.AA. no curso 2013-14

	Alumnos		Programas			Alumnado que cursa 2º curso	Taxa bruta de pob. finaliza mód. voluntarios
	Totais	Mulleres (%)	Aulas Profes. (Centros)	Talleres Profes. (actuacións e/ou centros) (%)	Talleres Específicos E. Especial		
Andalucía	15.571	39,3	99,4	-	0,6	36,2	4,1
Aragón	2.189	30,5	73,9	17,5	8,6	5,5	1,6
Asturias	641	26,8	68,7	29,5	1,9	7,8	0,1
Baleares	2.409	31,8	83,9	12,5	3,7	26,1	3,9
Canarias	3.874	29,8	84,3	-	15,7	32,2	4,1
Cantabria	793	28,5	72,5	22,6	4,9	17,3	2,4
Castela e León	4.664	30,7	78,4	12,9	8,7	23,0	4,0
Castela - A Mancha	5.307	29,0	96,3	3,1	0,6	35,7	4,0
Cataluña	7.177	30,7	46,1	53,9	-	25,7	-
C. Valenciana	11.613	33,0	-	-	-	-	3,9
Extremadura	3.174	30,7	85,5	6,9	7,6	35,0	4,0
Galicia	4.427	28,7	58,8	39,1	2,1	36,4	3,6
Madrid	9.925	32,4	75,8	17,9	6,3	21,1	1,9
Murcia	4.207	28,8	77,1	19,3	3,6	28,2	3,6
Navarra	1.187	27,0	33,7	49,3	17,1	37,0	0,3
País Vasco	4.316	29,1	53,1	45,5	1,5	45,9	1,9
Rioxa	980	35,2	92,0	6,5	1,4	35,8	5,1
Ceuta e Melilla	1.219	35,6	83,6	25,2	3,8	24,8	9,2
Total	83.673	30,5	77,8	18,3	3,9	30,1	3,3

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Datos y cifras del curso escolar*

5.1.11.

Alumnado matriculado nos Programas de cualificación profesional inicial (PCPI) 2008-2014 (1):
distribución segundo titularidade do centro



(1) os datos do curso 2012-13 son provisionais; os do curso 2013-14 son estimacións

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, *Datos e cifras do ensino non universitario*

5.1.12.

conta a poboación entre 25 e 64 anos, no ano 2014, o 47% da poboación ten unha formación inferior á 2ª etapa de educación secundaria (ESO), fronte a un 55,9% da poboación no ano 2005, e fronte a un 43,4% de media estatal e un 24% de media na Unión Europea. Nembargante, no que respecta á poboación coa segunda etapa de educación secundaria completada ou con estudos superiores, as porcentaxes en Gali-

cia están por debaixo da media estatal; neste senso a porcentaxe de poboación galega con estudos superiores é do 33,4% (27,2% no ano 2005) mentres que a media estatal é do 34,7%.

Un indicador fundamental na avaliación do sistema educativo é o abandono educativo prematuro, que se define como a porcentaxe de poboación entre 18 e 24 anos que



Nivel de formación da poboación nas CC.AA. 2005-13 ⁽¹⁾

	Inferior a 1ª etapa E.Secundaria		1ª etapa E.Secundaria		2ª etapa E.Secundaria		E.Superior	
	2005	2013	2005	2013	2005	2013	2005	2013
	(%)							
Andalucía	28,5	19,4	32,1	33,6	19,3	19,9	20,1	27,2
Aragón	20,1	14,8	24,8	25,6	25,3	24,8	29,8	34,8
Asturias	19,7	13,5	27,4	26,6	22,8	22,2	30,1	37,7
Baleares	20,0	12,9	34,8	33,6	25,7	27,4	19,5	26,1
Canarias	23,8	20,8	28,4	29,3	24,5	22,9	23,3	27,1
Cantabria	18,9	8,5	25,2	28,6	25,7	25,8	30,2	37,1
Castela e León	25,2	13,4	24,4	29,2	22,7	23,4	27,8	34,0
Castela - A Mancha	28,5	17,7	32,1	35,8	19,3	20,5	20,1	26,0
Cataluña	23,7	18,5	24,3	26,3	23,2	21,0	28,9	34,2
C. Valenciana	18,1	15,8	33,2	31,5	23,3	22,2	25,4	30,5
Extremadura	23,9	16,4	39,5	43,7	16,5	15,4	20,0	24,5
Galicia	20,8	11,7	32,3	36,9	19,8	19,1	27,1	32,2
Madrid	17,8	9,3	20,1	20,8	26,9	24,9	35,2	45,0
Murcia	27,1	19,8	28,6	33,0	22,0	19,8	22,3	27,4
Navarra	18,8	10,3	22,4	25,9	22,3	24,0	36,5	39,8
País Vasco	16,4	8,7	21,4	22,7	21,3	21,1	40,9	47,5
Rioxa	25,0	13,2	20,9	28,0	24,9	23,3	29,2	35,5
Ceuta e Melilla	30,3	29,4	25,5	26,4	20,9	21,2	23,2	22,9
Total España	24,6	15,4	27,0	29,4	20,2	21,8	28,2	33,3
UE-27 ⁽²⁾			30,6	25,8	46,9	46,5	22,5	27,7

(1) poboación entre 25 e 64 anos

(2) os datos da UE-27 corresponden ao ano 2012; para a UE-27 os datos das dúas primeiras columnas se corresponden a "1ª etapa E.Secundaria ou inferior"

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Explotación de las variables educativas de la EPA*

5.1.13.

Abandono educativo temperá nas CC.AA. 2007-14 ⁽¹⁾

	Total		Homes		Mulleres	
	2007	2014	2007	2014	2007	2014
	(%)					
Andalucía	37,1	27,7	42,8	31,0	31,2	24,2
Aragón	25,5	18,4	31,4	18,6	19,4	18,2
Asturias	23,1	13,6	30,1	15,9	15,5	11,1
Baleares	42,1	32,1	48,8	37,6	35,0	26,2
Canarias	36,4	23,8	44,6	26,4	27,9	21,1
Cantabria	25,5	9,7	32,2	12,1	18,7	7,0
Castela e León	23,7	16,8	30,2	21,0	16,8	12,4
Castela - A Mancha	37,3	22,2	45,4	25,8	28,7	18,5
Cataluña	31,2	22,2	37,2	26,7	25,1	17,5
C. Valenciana	31,2	23,4	36,6	28,3	25,5	18,0
Extremadura	34,4	22,9	41,2	29,9	27,1	15,5
Galicia	23,5	18,5	33,0	21,7	13,9	15,2
Madrid	25,8	18,3	29,1	21,0	22,5	15,7
Murcia	39,2	24,1	44,9	28,3	33,2	19,6
Navarra	16,3	11,8	19,2	13,9	13,1	9,5
País Vasco	14,3	9,4	18,7	11,8	9,8	7,0
Rioxa	30,6	21,1	34,8	28,0	26,0	14,2
Ceuta e Melilla	48,0	24,6	47,4	32,0	49,1	18,0
Total España	30,8	21,9	36,6	25,6	24,7	18,1
UE-28	14,9	11,1	16,9	12,7	12,8	9,5

(1) poboación entre 18 e 24 anos que non completou o nivel de ensino secundario 2ª etapa e non segue ningún tipo de educación-formación

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Explotación de las variables educativas de la EPA*

5.1.14.





Taxas de idoneidade en Galicia e España no curso 2012-13 ⁽¹⁾

	8 anos	10 anos	12 anos (%)	14 anos	15 anos
Galicia	94,6	89,7	85,2	71,4	63,0
España	93,6	89,4	84,4	70,6	62,5

(1) porcentaxe de alumnos matriculados no curso que lle corresponde pola súa idade

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Las cifras de la educación en España*

■ 5.1.15.

non completou a segunda etapa de ensino secundario e non segue ningún tipo de formación. Galicia segue a estar lonxe de acadar niveis por debaixo do 15%, tal e como ten sinalado a Estratexia Europa 2020. A taxa de abandono educativo sitúase no ano 2014 no 18,5%, por debaixo da media estatal, que no citado ano era do 21,9%, pero moi superior á media da UE-27 (11,1%). Por Comunidades Autónomas, Galicia sitúase no oitavo lugar en canto a menor abandono educativo prematuro (**cadro 5.1.14.**).

O **cadro 5.1.15.** mostra as taxas de idoneidade, entendida como a porcentaxe de alumnos que cursarían a etapa educativa coa idade teórica correspondente. Entre as idades de 8 e 15 anos, referidas ao curso 2012-13, último dato dispoñible, obsérvase que as taxas de idoneidade van descendendo dende o 89,7% aos 10 anos ata o 63% aos 15 anos, o que indica que o 37% dos alumnos galegos de 15 anos non están matriculados no cuarto curso da ESO que lle correspondería por idade. Galicia sitúase lixeiramente por riba da media estatal na taxa de idoneidade para alumnos de 8 a 15 anos.

Bolsas e axudas

As bolsas e axudas no ámbito da educación son un elemento básico no fomento da igualdade de oportunidades, da equidade e da conciliación familiar.

No curso 2012-13 (último dato dispoñible), concedéronse en Galicia, tal e como se amosa no **cadro 5.1.16.**, un total de

260.915 bolsas e axudas, o que, en relación ao curso anterior, suporía un incremento dun 7,3%, o que significa case 18.000 bolsas e axudas máis que no curso 2011-2012. Máis da metade das bolsas e axudas concedidas destinouse ás ensinanzas obrigatorias, educación infantil e educación especial (54,5%), un 25% ás ensinanzas universitarias e o 20,5% restante ás ensinanzas post-obrigatorias non universitarias. O número de bolseiros incrementouse nun 11,5% para alcanzar as 200.567 persoas. Sete de cada dez bolseiros cursan ensinanzas obrigatorias, educación infantil ou especial, mentres que as ensinanzas post-obrigatorias non universitarias e as ensinanzas universitarias representarían un 18% e un 12,4%, respectivamente.

Atendendo á evolución ao longo dos últimos anos, o **cadro 5.1.17.** reflicte o peso relativo das bolsas, bolseiros e importe das bolsas galegas no total estatal. Mentres que o peso relativo do importe das bolsas se mantén lixeiramente por riba do 6%, o número de bolsas e axudas e bolseiros crece en Galicia de xeito máis acusado que en España, aumentando a súa importancia relativa desde o 2,4% de 2008-09 ata o 9,9% do curso 2012-13 no caso dos bolseiros e do 3,3% ata o 8,3% no das bolsas e axudas.

Tras o significativo descenso no número de beneficiarios do programa de axudas de libros de texto rexistrado no curso 2013-2014, as estimacións para o curso 2014-15 (**cadro 5.1.18.**) reflicten un aumento de case 6.000 beneficiarios (4,3%) e tres centros menos acollidos ao programa. O incremento no número de beneficiarios




Bolseiros, bolsas e axudas concedidas e importe das axudas 2012-2013: distribución segundo ensino e administración financiadora

	España			Galicia			Galicia / España		
	Todas Admóns.	Admón. Central	CC.AA.	Todas Admóns.	Admón. Central	Admón. CC.AA.	Todas Admóns.	Admón. Central (%)	Admón. CC.AA.
Bolseiros	2.026.026	944.290	1.081.736	200.567	59.035	141.532	9,9	6,3	13,1
E. Obligatorias, E. Infantil e E. Especial	1.093.893	156.439	937.454	139.629	13.278	126.351	12,8	8,5	13,5
E. postobrigatorias non universitarias	418.962	342.710	76.252	36.000	22.671	13.329	8,6	6,6	17,5
E. universitarias	513.171	445.141	68.030	24.938	23.086	1.852	4,9	5,2	2,7
Bolsas e axudas	3.154.552	1.808.199	1.346.353	260.915	118.620	142.295	8,3	6,6	10,6
E. Obligatorias, E. Infantil e E. Especial	1.374.790	200.811	1.173.979	142.181	15.824	126.357	10,3	7,9	10,8
E. postobrigatorias non universitarias	658.432	574.594	83.838	53.540	39.522	14.018	8,1	6,9	16,7
E. universitarias	1.121.330	1.032.794	88.536	65.194	63.274	1.920	5,8	6,1	2,2
Importe (millóns de euros)	1.957,4	1.534,0	423,4	122,8	100,6	22,1	6,3	6,6	5,2
E. Obligatorias, E. Infantil e E. Especial	363,6	72,5	291,0	26,4	6,8	19,5	7,2	9,4	6,7
E. postobrigatorias non universitarias	512,5	451,5	61,0	30,7	29,9	0,9	6,0	6,6	1,4
E. universitarias	1.081,3	1.010,0	71,4	65,7	63,9	1,8	6,1	6,3	2,5

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Recursos económicos: bolsas y ayudas al estudio*

5.1.16.

Peso relativo do número de bolseiros, bolsas e axudas e importe das axudas concedidas en Galicia no total estatal 2006-13



Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Recursos económicos: bolsas y ayudas al estudio*

5.1.17.

Programa de libros de texto 2013-14 e 2014-15 (1)

	centros acollidos ao programa	Curso 2013-14				Curso 2014-15		
		alumnado beneficiario				alumnado beneficiario		
		Total	E. Primaria (3º e 4º)	ESO (2º e 4º)		Total	E. Primaria (3º e 4º)	ESO (2º e 4º)
Total	1.149	137.196	82.923	54.273	1.146	143.152	86.499	56.653
A Coruña	440	56.533	34.409	22.124	440	59.246	36.044	23.202
Lugo	158	14.061	8.284	5.777	157	14.565	8.606	5.959
Ourense	143	13.365	7.974	5.391	141	13.949	8.392	5.557
Pontevedra	408	53.237	32.256	20.981	408	55.392	33.457	21.935

(1) estimacións

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, Datos e cifras do ensino non universitario

5.1.18.





Centros públicos con servicios de comedor 2013-15 ⁽¹⁾: distribución segundo modalidade de xestión

	Curso 2013-14						Curso 2014-15					
	Total	Consellería de Educación			ANPAS	Concellos	Total	Consellería de Educación			ANPAS	Concellos
		Total	xestión directa (propio centro)	xestión indirecta (empresas)				Total	xestión directa (propio centro)	xestión indirecta (empresas)		
Total	604	426	301	125	145	33	608	431	302	129	143	34
A Coruña	193	119	92	27	50	24	193	120	92	28	49	24
Lugo	113	109	84	25	4	0	115	111	86	25	4	0
Ourense	110	100	69	31	9	1	111	101	68	33	9	1
Pontevedra	188	98	56	42	82	8	189	99	56	43	81	9

(1) estimacións

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, *Datos e cifras do ensino non universitario*

5.1.19.

Centros públicos con servicios de transporte 2013-15 ⁽¹⁾

	Curso 2013-14	Curso 2014-15
Total	784	784
A Coruña	274	275
Lugo	128	126
Ourense	101	100
Pontevedra	281	283

(1) datos curso 2014-15 son estimacións

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, *Datos e cifras do ensino non universitario*

5.1.20.

prodúcese nas catro provincias galegas, con porcentaxes de aumento en torno ao 4%, lixeiramente superior na provincia de A Coruña (4,8%).

Dos 143.152 alumnos estimados beneficiarios das axudas para adquisición dos libros de texto, 86.499 corresponden a alumnos de educación primaria e 56.653, a alumnos de ESO.

Xunto ás becas e axudas, outro aspecto fundamental no ámbito da conciliación é a existencia nos centros educativos dos servizos de comedor e transporte escolar. Tal e como mostra o **cadro 5.1.19.**, no curso 2014-15 aumenta en catro o número de centros públicos con servizos de comedor, en concreto, aumenta o número de centros nos que o servizo de comedor está xestionado pola Consellería de Cultura, educación e ordenación universitaria (5 centros máis). En Gali-

cia hai un total de 608 centros con servizos de comedor, dos que máis da metade están xestionados polos propios centros, seguidos dos xestionados polas ANPAS (143). A nivel provincial, todas as provincias aumentan o número de centros públicos con servizo de comedor, agás A Coruña que mantén o mesmo número de centros que no curso anterior.

O número de prazas de comedor escolar para o curso 2014-2015 nos centros públicos galegos estímase que ascende a 71.731, das que 11.692 corresponden aos comedores xestionados polas ANPAS e polos concellos.

No que respecta ao servizo de transporte para o curso 2014-15, o **cadro 5.1.20.** mostra que Galicia conta con 784 centros públicos con este servizo, os mesmos que no curso anterior. Estímase que o número de usuarios deste servizo nos centros públi-



Alumnado nos centros de ensino de réxime especial 2013-14 e 2014-15 ⁽¹⁾

	2013-14	2014-15
Ensinanzas artísticas	10.540	10.721
Ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño	745	805
Estudios superiores de deseño	865	865
Estudios superiores de conservación e restauración de bens culturais	81	-
Ensinanzas de arte dramática	159	165
Ensinanzas regradas de música	8.328	8.520
Ensinanzas regradas de danza	362	366
Ensinanzas de idiomas	36.358	36.942
Ensinanzas deportivas	437	451
Grado medio	365	386
Grado superior	72	65
Total	47.335	48.114

(1) estimacións

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, *Datos e cifras do ensino non universitario*

■ 5.1.21.

cos da Comunidade Autónoma ascende a 93.190.

Ensinanzas non universitarias de réxime especial

As ensinanzas de réxime especial abranguen as ensinanzas artísticas (ensinanzas profesionais de artes plásticas e deseño, estudos superiores de deseño, estudos superiores de conservación e restauración de bens culturais, ensinanzas de arte dramática, ensinanzas de música e ensinanzas de danza), ensinanzas de idiomas e ensinanzas deportivas.

No curso 2014-15 había en Galicia un total de 48.114 alumnos que cursan estudos englobados dentro das ensinanzas de réxime especial (779 máis que no curso anterior), dos que 36.942 realizan estudos nas escolas oficiais de idiomas (584 máis que no curso 2013-14), 10.721 alumnos estudos artísticos (181 alumnos máis) e 451 ensinanzas deportivas.

Entre os cursos de idiomas, a inglés segue a ser o que ten maior número de alumnos, con 25.071 alumnos, seguido polo francés, con 4.264, e o alemán, con 3.116 alumnos. No caso das ensinanzas artísticas, destacan as ensinanzas regradas de música, fundamentalmente nos conservatorios, con 7.617 alumnos.

Educación universitaria

Un curso máis o sistema universitario galego volve a presentar unha redución do seu alumnado. O número de alumnos matriculados en 1º e 2º ciclo, así como en estudos de graos e masters (**cadro 5.1.22.**) no curso 2014-15 descendeu en Galicia case un 3% (1.724 alumnos menos), acadando os 62.814 estudantes. Ao igual que no ano anterior, a caída do número de alumnos rexístrase nas universidades de Santiago (-929 alumnos) e A Coruña (-374), e Vigo (-421). A extinción de plans de estudos no 1º e 2º ciclo e a implantación dos novos plans de estudos de grao produce unha redución nas matrículas universitarias de 1º e 2º ciclo, que non se ve compensada polo incremento de matriculacións nos estudos de grao.

A Universidade de Santiago de Compostela segue sendo a de maior número de alumnos, con 23.562 persoas, o 37,5% dos universitarios galegos, seguida pola de Vigo, 20.148 alumnos (32,1%) e a de A Coruña, con 19.104 alumnos (30,4% do total).

O 43,9% dos estudantes galegos matriculados seguen estudos pertencentes ás ciencias sociais e xurídicas, seguíndolle en importancia as carreiras técnicas, que acoñen o 25,1% dos alumnos, e as ciencias da saúde, cun 15,6%.





Alumnado matriculado nas universidades no curso 2014-15 ⁽¹⁾: distribución segundo ramas de ensinanza

1er e 2º ciclo				
	Total	UDC	USC	U Vigo
Total	6.410	2.815	1.780	1.815
Artes e humanidades	201	37	116	48
Ciencias	199	40	81	78
Ciencias da saúde	854	3	846	5
Ciencias sociais	1.562	613	510	439
Enxeñaría e arquitectura	3.594	2.122	227	1.245
Graos				
	Total	UDC	USC	U Vigo
Total	50.838	14.896	19.735	16.207
Artes e humanidades	4.277	500	2.247	1.530
Ciencias	3.848	675	2.098	1.075
Ciencias da saúde	8.462	1.419	5.938	1.105
Ciencias sociais	23.135	7.320	7.993	7.822
Enxeñaría e arquitectura	11.116	4.982	1.459	4.675
Masters				
	Total	UDC	USC	U Vigo
Total	5.566	1.393	2.047	2.126
Artes e humanidades	564	43	267	254
Ciencias	508	99	241	168
Ciencias da saúde	492	115	346	31
Ciencias sociais	2.910	761	979	1.170
Enxeñaría e arquitectura	1.092	375	214	503

(1) datos de avance

Fonte: Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

5.1.22.

No que ao acceso ao grado nas universidades públicas presenciais se refire, Galicia presenta no curso 2013-14 unhas taxas de ocupación e adecuación superior á media española, sendo inferior no caso da taxa de preferencia. Dunha banda, a relación entre matrículas de novo ingreso por prescrición e o número de prazas ofertadas (taxa ocupación) ascendeu en Galicia ata o 94,5%, 3,4 puntos porcentuais por riba da media española, mentres que a relación entre matrícula de novo ingreso en primeira opción e a matrícula total de novo ingreso (taxa de adecuación) foi do 80,8%, case seis puntos superior á do conxunto do Estado. Por contra, o indicador da demanda, medido como a porcentaxe entre a demanda e o número de prazas ofertadas (taxa de preferencia), sitúase en Galicia no 145,4%, fronte ao 159,5% do SUE.

A taxa de escolarización universitaria, en-

tendida como a porcentaxe de estudantes de 18 a 24 anos matriculados no 1º ou 2º ciclo e graos sobre a poboación total desa idade, non só se mantén en Galicia por baixo da media estatal senón que tamén se incrementa o diferencial existente no curso anterior. No curso 2013-14 esta taxa sitúase en Galicia no 26% fronte ao 29,4% en España. Tal e como reflicte o **cadro 5.1.24.**, comparado co resto das CC.AA., a Comunidade Autónoma galega é a que presenta a sétima menor taxa neta de escolarización universitaria.

No conxunto das universidades galegas, no curso 2013-14 están matriculados 1.213 alumnos de nacionalidade estranxeira, un 1,4% menos que no ano anterior, dos que o 44% son de países comunitarios. A Universidade de Santiago de Compostela é a que recibe maior número de alumnos estranxeiros ao acoller ao 55% dos alumnos matri-



Alumnado matriculado nas universidades 2008-14 ⁽¹⁾

	Cursos						
	2008-09	2009-10	2010-11	2011-12	2012-13	2013-14	2014-15
Graos e 1º e 2º ciclo	65.561	65.860	64.988	63.200	61.671	59.019	57.248
Másters oficiais	2.078	3.731	4.720	4.743	4.893	5.519	5.566

(1) datos do curso 2014-15 son avances

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte e Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

5.1.23.

**Taxa neta de escolarización na universidade nas CC.AA.
2012-14 ⁽¹⁾**

	Curso 2012-13	Curso 2013-14
Andalucía	25,0	26,2
Aragón	27,7	29,2
Asturias	28,4	28,8
Baleares	11,4	11,4
Canarias	18,5	18,5
Cantabria	21,7	22,9
Castela-A Mancha	12,6	12,8
Castela e León	34,8	36,4
Cataluña	27,9	29,2
C. Valenciana	28,7	29,6
Extremadura	18,5	18,4
Galicia	25,8	26,0
Madrid	42,9	44,0
Murcia	27,3	28,4
Navarra	32,0	32,4
País Vasco	32,3	33,5
A Ríoxa	14,5	15,5
Total	28,6	29,4

(1) estudantes de 18-24 anos en ensinanza de 1º-2º ciclo e graos /
poboación total 18-24 anos; datos provisionais

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Datos y cifras
del sistema universitario español*

5.1.24.

Alumnado estranxeiro matriculado nas universidades no curso 2013-14 ⁽¹⁾

	Total		UDC		USC		Uvigo	
	Total	UE-27	Total	UE-27	Total	UE-27	Total	UE-27
1º e 2º ciclo	166	110	17	5	138	102	11	3
Graos	675	335	133	29	382	269	160	37
Másteres	372	89	71	25	148	25	153	39

(1) datos de avance

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Estadísticas universitarias*

5.1.25.





Mobilidade de estudantes no curso 2012-13 nas CC.AA: programa Erasmus (1)

	Total	Institucións de orixe		
		Universidades	Artísticas	Formación profesional
Andalucía	8.466	8.220	68	178
Aragón	1.114	955	35	124
Asturias	808	703	15	90
Baleares	342	273	16	53
Canarias	934	759	42	133
Cantabria	357	305	-	52
Castela-A Mancha	557	383	16	158
Castela e León	2.430	2.313	84	33
Cataluña	5.289	4.969	94	226
C. Valenciana	4.475	4.170	119	186
Extremadura	572	511	10	51
Galicia	2.046	1.816	25	205
Madrid	7.582	7.106	43	433
Murcia	1.094	961	44	89
Navarra	596	542	3	51
Pais Vasco	2.380	1.665	35	680
A Ríoxa	123	75	18	30

(1) saídas de estudantes

Fonte: Servicio Español Para la Internacionalización de la Educación, *Anuario estadístico Programa Erasmus*

5.1.26.

Mobilidade de estudantes en Galicia e España 2005-13: programa Erasmus (1)

	Cursos							
	2005-06	2006-07	2007-08	2008-09	2009-10	2010-11	2011-12	2012-13
Galicia	1.215	1.258	1.333	1.431	1.483	1.919	1.863	2.046
España	22.891	22.322	24.984	27.405	31.158	36.183	39.545	39.249

(1) saídas de estudantes

Fonte: Servicio Español Para la Internacionalización de la Educación, *Anuario estadístico Programa Erasmus*

5.1.27.

culados (**cadro 5.1.25.**). No curso 2013-2014, último dato dispoñible, as tres universidades galegas presentan unha medra do alumnado estranxeiro matriculado en graos e másteres.

No que atinxe á mobilidade de estudantes entre as distintas CC.AA. no acceso á universidade, en xeral obsérvanse baixos niveis de mobilidade. A porcentaxe de estudantes que se matriculan nunha universidade situada na mesma comunidade na que fan as probas de acceso é superior ao 70%. En Galicia, o 68,5% dos alumnos matricúlanse nas universidades galegas, sendo Madrid e Castela e León os outros destinos principais, co 6% e o 2,1%, respectivamente.

No que respecta á mobilidade dos estudantes universitarios cara a terceiros países, en Galicia no curso 2012-13, saíron a cursar estudos no estranxeiro cunha beca Erasmus un total de 2.046 estudantes, o 5,2% do total estatal. Galicia é a sétima Comunidade cun maior volume de saídas asociadas ao citado programa Erasmus.

O **cadro 5.1.28.** reflicte como no curso 2013-14, o persoal docente e investigador nas universidades galegas ascendía a 4.912 persoas, das que o 61% pertencía ao corpo docente funcionario. O 39% restante correspóndese con profesorado contratado, dos que o 63% teñen un contrato de duración determinada.



Persoal docente e investigador nas universidades 2007-13 ⁽¹⁾

	Cursos						
	2007-08	2008-09	2009-10	2010-11	2011-12	2012-13	2013-14
Corpo docente funcionario	3.156	3.233	3.169	3.101	3.076	3.070	2.981
Profesorado contratado	1.984	2.052	2.204	2.515	2.182	2.294	1.931
contrato indefinido	369	802	573	778	668	854	720
contrato de duración determinada	1.615	1.250	1.631	1.738	1.514	1.412	1.211
Total persoal docente e investigador	5.140	5.285	5.373	5.642	5.258	5.364	4.912

(1) datos relativos únicamente a centros propios das Universidades

Fonte: Ministerio de Educación, Cultura y Deporte, *Estadística de personal de las universidades***■ 5.1.28.**

A presenza española nas clasificacións de excelencia universitaria internacionais é case nula. Así no ano 2014 só unha universidade española (a Universitat de Barcelona) se situaba entre as posicións 151-200 do ranking da clasificación de Shangái. En Galicia a USC é a única representada no dito ranking.

Xunto á escasa representación nos ranking de excelencia, o Eurostat sitúa o gasto educativo en España no 4,82% do PIB, 0,43 puntos por debaixo da media europea, e lonxe de países como Dinamarca, ou Finlandia na cabeza en canto a investimento público en educación. □

